CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

José Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presencia da secretaria interventora de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DA BOLSA DE EMPREGO DO PROCESO SELECTIVO PARA PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO/ AXENTE DE IGUALDADE DE XÉNERO EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA FOAI/2026)

Expte. TEDEC: 2026/E001/000002 (Emprego).
Expte. TEDEC: 2026/G003/000443 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 20.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, 2025 e 2026 establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Vista providencia de inicio de data 4/03/2026 para a creación dunha bolsa de emprego, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dun posto de Técnico/a de Igualdade de Xénero/ Axente de Igualdade de Xénero (Equivalente Grupo A2 no caso de persoal laboral), vinculada estritamente á subvención FOAI/2026 da Deputación da Coruña, como persoal laboral temporal.

Visto que esta necesidade está directamente vinculada á participación do Concello no programa de subvencións FOAI/2026 da Deputación da Coruña, cuxo obxecto é o financiamento de persoal técnico nos servizos municipais de igualdade de xénero.

Visto que as características do posto de persoal laboral temporal obxecto da convocatoria:

Grupo	Equivalente Grupo A2 no caso de persoal laboral
Denominación	**Persoal Técnico de Igualdade de Xénero e Axentes de Igualdade de Xénero**

Visto que o proceso proceso selectivo proposto, tivo carácter aberto e garantiu a libre concorrencia mediante: concurso-oposición, recoñecido no artigo 24 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto que, o procedemento de selección do persoal laboral temporal foi público, rexéndose e polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade.

Visto que as bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 16 de marzo de 2026 (BOP núm. 50), iniciándose un prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

CVD: MkRoQJkbUY9O9aw01J9l Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/

CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Visto que en data 04/05/2026, dítase Resolución de Alcaldía con número de Decreto 288/2026 mediante o que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos da bolsa obxecto do presente expediente, outorgándolle aos/as aspirantes un prazo de 10 días, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no que poderán corrixir os defectos que se alude no referido artigo e formular as reclamacións á lista provisional.

Visto que por Decreto de Alcaldía nº 346/2026 de data 19-05-2025 se nomea tribunal.

Visto que, a constitución do Tribunal, segundo consta na acta nº1 anexada no expediente, realizase o 26 de maio do 2026 as 15:00 horas, na casa do Concello da Baña .

Visto que a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes admitidos ao proceso selectivo en relación coas bases xerais e específicas da convocatoria que rexen no proceso selectivo convocado polo Concello da Baña (BOP n.º 196 do 14/10/2025) segundo acta nº 2 que consta no expediente, realizouse o 26 de maio do 2026.

Visto que a data data da fase de oposición realizarase o martes 2 de xuño de 2026 ás 16:00H no salón de plenos do Concello da Baña, segundo acta nº 2 , a cal foi publicada na sede electrónica do Concello da Baña o día 28-05-2026.

Vistas as actas nº1, 2 e 3 das sesións do Tribunal de selección, e, anexadas no expediente.

Vista a acta da sesión nº 4 do Tribunal de selección, celebrada o 12 de xuño de 2026 (anexada no trámite de publicación na Sede electrónica do Concello da Baña do día 12/6/2026), onde se dá conta das cualificacións provisionais totais do concurso-oposición do proceso de selección sinalado.

Visto que se concedeu un período de alegacións de 3 días naturais contados dende o día seguinte da publicación da acta nº 4 na sede electrónica do Concello.

Visto que se presentan alegacións por parte de:

Gloria Lareo Neira, D.N.I. ***0777**
Gabriel Teresa García González, D.N.I.***6526**
Lorena Castro Trillo, D.N.I. ***3661**

Visto que consta resposta por parte do tribunal e publicación na sede electrónica do Concello da Baña o 16-06-2026 das alegacións presentadas (Acta nº 5) e, que están foron notificadas aos aspirantes.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do Réxime Local, e na aplicación do art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

PRIMEIRO: Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este decreto, que fora delegada por Decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO: Publicar a lista definitiva das calificacións totais dos aspirantes tal e coma se reflexa na Acta nº 5 do tribunal de selección na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios na sede electrónica municipal) e, aprobar a bolsa de emprego para cubrir a praza de Persoal Técnico de Igualdade de Xénero e Axentes de Igualdade de Xénero en réxime de persoal laboral temporal

CVD: MkRoQJkbUY9O9aw01J9l Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

que, xestionará o Concello segundo as necesidades do servizo e, condicionada ao programa FOAI/2026 previa providencia de alcaldía, co seguinte resultado e polo orden que se transcribe:

SOLICITANTE	D.N.I.:	REXISTRO DE ENTRADA	FASE CONCURSO	TEST	PROBA PRÁCTICA	PUNTUACIÓN TOTAL
LAZO FUENTES , XIOMARA ERLINDA	***5643**	202699900000352 22/04/2026	22,8	42,75	11	76,55
PEREZ DAVILA, AMARA	***1705**	202699900000334 20/04/2026	11,5	39,75	14	65,25
GARCIA GONZALEZ, GABRIEL TERESA	***6526**	202699900000324 20/04/2026	7,65	42,75	10	60,40
BOQUETE VILA , LORENA	***5937**	202699900000354 23/04/2026	6,95	37,50	13	57,45
LOBATO RODRIGUEZ, BELEN	***5619**	202699900000296 06/04/2026	5	40,50	11	56,50
PAIS PAIS, MARIA MARTINA	***1205**	202600000000383 08/04/2026	0	39,00	10	49,00
CABALEIRO GARCIA, ANA MARIA	***7455**	202699900000302 07/04/2026	0	36,75	11	47,75
CASTRO TRILLO , LORENA	***3661**	PAIS PAIS, MARIA MARTINA	***1205**	35,25	11	47,25
SABORIDO MALVAR, CAROLINA	***3496**	202699900000318 16/04/2026	0,5	34,50	11	46,00
LAREO NEIRA, GLORIA	***0777**	202699900000340 21/04/2026	1,75	33,00	11	45,75
BERMANDEZ RODAL, RAQUEL	***13 14**	20269990000 0337 21/04/2026	8,45	NP	NP	NP
GARCIA RODRIGUEZ, ANA MARIA	***98 58**	20269990000 0310 13/04/2026	1	NP	NP	NP

TERCEIRO: Aprobar a bolsa de emprego resultante desde proceso selectivo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, data ata a que se prevé a cobertura financeira da contratación mediante a subvención concedida pola Deputación da Coruña, segundo texto base Decima Vixencia da Bolsa da, convocatoria e bases de selección segundo o seguinte orde:

1. LAZO FUENTES , XIOMARA ERLINDA, D.N.I. ***5643**, 76,55 puntos
2. PEREZ DAVILA, AMARA, D.N.I. ***1705**, 65,25 puntos
3. GARCIA GONZALEZ, GABRIEL TERESA, D.N.I. ***6526**, 60,40 puntos
4. BOQUETE VILA , LORENA, D.N.I. ***5937**, 57,45 puntos
5. LOBATO RODRIGUEZ, BELEN, D.N.I. ***5619**, 56,50 puntos

CVD: MkRoQJkbUY9O9aw01J9l Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

6. PAIS PAIS, MARIA MARTINA, D.N.I. ***1205**, 49 puntos
7. CABALEIRO GARCIA, ANA MARIA, D.N.I. ***7455**, 47,75 puntos
8. CASTRO TRILLO , LORENA, D,N.I. ***3661**, 47,25 puntos
9. SABORIDO MALVAR, CAROLINA, D.N.I. ***3496**, 46 puntos
10. LAREO NEIRA, GLORIA, D.N.I. ***0777**, 45,75 puntos

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria interventora, Paula Martís Torres dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

CVD: MkRoQJkbUY9O9awO1J9l Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodabana.gal/